

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Educación

*Modificación das bases reguladoras do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na Rede de escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña*

##### ANUNCIO

##### EDUCACIÓN, CULTURA E MEMORIA HISTÓRICA

##### Educación

236/2020/60

Modificación das bases reguladoras do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na Rede de escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña para o curso 2020-2021, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 93 o martes 23 de xuño de 2020; ao estimarse parcialmente o recurso potestativo de reposición interposto pola Asociación de Familias numerosas contra a aprobación de ditas bases.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**Estimación parcial do recurso potestativo de reposición interposto pola Asociación de Familias numerosas contra a aprobación das bases reguladoras do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais para o curso 2020-2021.**

En base á estimación anterior, contemplanse as seguintes modificacións no texto das bases:

Punto IV B) situación sociofamiliar. Puntuarase do seguinte xeito:

Situación sociofamiliar	Puntuación
Condición de familia numerosa**	2

\*\*Enténdese por familia numerosa a integrada polos membros sinalados de conformidade cos artigos 2 e 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección as familias numerosas.

Así mesmo, engádese un punto no apartado V.B) Acceso con carácter ordinario que deberá contemplar:

- De ser o caso, título acreditativo da condición de familia numerosa expedido pola Consellería competente da administración autonómica.

A Coruña, 01 de xullo de 2020.

Jesús Javier Celemín Santos

Concelleiro de Educación, Cultura e Memoria Histórica

2020/4436